

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 31 de maio de 2004 pola que se regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados para o curso académico 2004-2005.

O artigo 46 da Lei 8/2003, do 23 de decembro (DOG do 29 de decembro), de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé a transformación da subvención á educación infantil en concertos educativos de acordo co establecido no artigo 15.2º do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño (BOE do 28 de xuño), polo que se fixa o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), de calidade da educación, fixando que para o ano académico 2004-2005 os convenios e as subvencións actualmente subscritos ou outorgados a centros do segundo ciclo de educación infantil transformaranse en concertos para as ensinanzas de educación infantil, sempre que cumpran os requisitos do réxime de concertos previstos nas leis educativas.

En consecuencia, procede substituír a anual orde de convocatoria de axudas económicas, que se viña realizando desde o curso académico 1991-1992 para centros docentes privados que escolarizaban alumnos de educación infantil de 4 e 5 anos, por esta orde de concertos para o curso académico 2004-2005.

Esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-O obxecto desta disposición é regular os concertos educativos para subscribir cos centros docentes privados que impartan educación infantil ao alumnado de 4 e 5 anos, e que cumpran cos requisitos regulamentarios.

Segundo.-Esta orde terá vixencia temporal para o curso académico 2004-2005, dado que para o curso 2005-2006 procederase á renovación xeral dos concertos educativos.

Terceiro.-Os centros docentes que desexen acollerse ao sistema de concerto educativo para unidades de educación infantil establecido nesta orde deberán solicitarlo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo de corenta (40) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial Galicia*. As solicitudes irán dirixidas ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do ámbito territorial no que estean situados os centros, especificando se o concerto é para unidades de catro anos (nados no 2000) ou de cinco anos (nados no 1999) ou mixta (4 e 5 anos), e deberán subscribilas os titulares dos centros, que no suposto de que se trate de persoas xurídicas serán os que ostenten a súa representación, podéndose presentar aquelas en calquera dos rexistros

administrativos que fixa o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do procedemento administrativo común.

Cuarto.-As solicitudes faranse no modelo que se xunta no anexo I e irán acompañadas de memoria explicativa na que se faga constar explicitamente:

-Nº de alumnos de 5 anos, nados en 1999.

-Nº de alumnos de 4 anos, nados en 2000.

Quinto.-O titular do centro queda obrigado a ter en funcionamento o número total de unidades que sexan obxecto de concerto educativo. Os centros concertados deberán ter unha relación media alumno/aula, por unidade de educación infantil concertada, en todos os casos, non inferior a 15, nin superior a 25.

Sexto.-A transformación das subvencións concedidas en concerto educativo farase de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta as seguintes prioridades:

1º Concertaranse as unidades de educación infantil que contan con subvención no curso 2003-2004.

2º Concertaranse unidades de educación infantil de centros que impartan tamén educación primaria concertada coa seguinte orde de preferencia:

a) Unidades que escolaricen unicamente alumnos de 5 anos.

b) Unidades que escolaricen unicamente alumnos de 4 anos.

c) Unidades que escolaricen conxuntamente alumnos de 4 e 5 anos cando o centro conte, unicamente, cunha unidade de educación infantil en funcionamento.

3º Poderanse concertar unidades en centros que imparten exclusivamente educación infantil. Dentro de cada un dos apartados anteriores establecerase a seguinte prelación:

1) Centros que atendan a poboacións escolares de condicións socio-económicas desfavorables.

2) Unidades que escolaricen alumnos discapacitados.

3) Centros que desenvolvan experiencias de interese pedagóxico para o sistema educativo.

Sempre que se dea igualdade de condicións, terán preferencia os centros en réxime de cooperativa.

Sétimo.-As solicitudes presentadas serán avaliadas por comisións provinciais, presididas polo delegado provincial de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue, e terán a composición sinalada no punto décimo segundo da Orde do 22 de xaneiro de 2001 (DOG do 24 de xaneiro) para as comisións de concertos educativos.

Oitavo.-As comisións provinciais avaliarán as solicitudes e mais as documentacións presentadas, de acordo cos criterios establecidos nesta orde, e elaborarán unha proposta motivada de resolución.

Estas propostas serán enviadas polas delegacións provinciais á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa no prazo máximo de quince días naturais a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Noveno.-A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, á vista da proposta sinalada no punto anterior, formularalle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria proposta definitiva de resolución.

A resolución de concesión do concerto educativo ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria producirase no prazo máximo de seis meses a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta orde. As solicitudes denegadas serán motivadas.

No suposto de que non recaese resolución expresa, dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do

13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo.-Os concertos educativos formalizaranse en documento administrativo (anexo II), que será asinado polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e polo titular ou representante legal do centro, no que se farán constar os dereitos e obrigas recíprocos, así como as características concretas do centro. Se o titular do centro non subscribíse o convenio na data que se lle notifique, entenderase decaído no seu dereito.

Décimo primeiro.-A contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento das unidades de educación infantil concertadas será a que figure na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segundo.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo terceiro.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa a ditar os actos e disposicións complementarios que se consideren necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO CONCERTOS EDUCACIÓN INFANTIL	CODIGO DO PROCEDIMENTO ED5094	DOCUMENTO SOLICITUDE			
DATOS DO SOLICITANTE					
CENTRO	CIF				
ENDEREZO	CONCELLO				
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO			
		PAX			
E na súa representación:					
APellidos	Nome	NIF			
Enderezo	Concello				
Provincia	Código Postal	Telefono			
UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL					
AUTORIZADAS	EN FUNCIONAMENTO	SUBVENCIÓNS	UNIDADES PARA AS QUE SOLICITA CONCERTO		
		4 ANOS	5 ANOS	6 ANOS	MIXTA
SOLICITA: Acóllese á orde do _____ pola que se regula a concesión de subvencións á educación infantil. <input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA					
OBSERVACIÓNS:					
(Para cubrir pola Administración)					
RECIBIDO		REVISADO E CONFORME			
NÚMERO DE SOLICITANTE		DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS	
/ /		/ /		/ /	
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAIDA		/ /	
/ /		/ /		/ /	
LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.</i> <i>Orde do 31 de maio de 2004 pola que se regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados para o curso académico 2004-2005.</i>					
SIGNATURA DO SOLICITANTE OU PERSOÑA QUE O REPRESENTA					
de 2004					
de 2004					

Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO II

En Santiago de Compostela o 1 de setembro de 2004
Dunha parte:

Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Doutra parte:

D
na condición de titular/representante legal do centro do cal se expresan a continuación os datos:

Denominación:

Código:

Localidade:

Concello:

Provincia:

A teor do disposto nos artigos 3.2º e 25 do Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, aprobado polo Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27 de decembro), no sucesivo regulamento, e de acordo coa Orde do ... de 2004 (DOG ...).

Acordan:

Subscribir este concerto educativo, conforme as seguintes cláusulas:

Primeira.-Este concerto educativo ten por obxecto o sostemento con fondos públicos de unidades de educación infantil en centros privados que escolaricen alumnos de 4 e 5 anos.

Segunda.-Terá vixencia dende o 1º de setembro de 2004 ata o 31 de agosto de 2005, ambos os incluídos, e para ... unidades.

Terceira.-A Administración obrígase á asignación de fondos públicos para o sostemento das unidades concertadas nos termos sinalados nos artigos 12, 13 e, se é o caso, na disposición adicional cuarta do regulamento.

A Administración educativa satisfaralle ao persoal docente do centro concertado os salarios correspondentes en concepto de pagamento delegado e en nome da entidade titular do centro, sen que ese aboamento signifique relación laboral algunha entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o mencionado persoal docente.

Cuarta.-O titular do centro obrígase a impartir as ensinanzas obxecto deste convenio gratuitamente, sen percibir concepto algún que, directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica pola impartición das ditas ensinanzas, de acordo cos correspondentes deseños curriculares base e planos de estudo e con suxeición ás normas de ordenación académica en vigor, agás as autorizadas expresamente para actividades ou servizos complementarios pola Administración educativa que, en todo caso, terán carácter voluntario para o alumnado.

Quinta.-O titular do centro queda obrigado a ter en funcionamento o número total de unidades que son obxecto de concerto educativo. As ditas unidades terán unha relación media alumno/aula non inferior a 15, nin superior a 25.

Sexta.-Polo concerto, o titular do centro obrígase co cumprimento das normas de admisión de alumnos que se establecen no artigo 72 e na disposición adicional quinta da Lei orgánica 10/2002, de calidade da educación, do Decreto 87/1995, do 10 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, de educación

primaria e de educación secundaria, na Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, e demais normativa aplicable ao procedemento de admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos.

Sétima.-O titular do centro obrígase a manter e, de ser o caso, a constituír os órganos de goberno a que se refire o artigo 54 da Lei orgánica reguladora do dereito á educación, modificado pola disposición final primeira, punto 3, da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes e pola disposición final primeira, punto 3, da Lei orgánica 10/2002, de calidade da educación, e o artigo 26 do regulamento.

Oitava.-A provisión de vacantes do persoal docente que se produzan no centro concertado realizarase conforme o disposto no artigo 60 da Lei orgánica reguladora do dereito á educación, modificado pola Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, e no artigo 26.3º do regulamento.

Novena.-O titular do centro concertado deberá facer constar na súa documentación e na súa publicidade a condición de centro concertado.

Igualmente o titular deberá poñer en coñecemento dos membros da comunidade escolar e, se é o caso, das autoridades competentes o carácter propio do centro, no suposto de que o tivese.

Décima.-Para a execución do concerto, o titular do centro adoptará as seguintes medidas:

1. Para efectos do aboamento das cantidades correspondentes a salarios o titular do centro concertado facilitaralle á Administración educativa competente as nóminas do persoal docente, as liquidacións das cotizacións á Seguridade Social mediante a formalización e remisión dos documentos oficiais de cotización correspondentes, así como os partes de alta, baixa ou alteración.

2. As altas e baixas do persoal docente no réxime da Seguridade Social xestionaralas o titular do centro na súa condición de empregador na relación laboral. As devanditas circunstancias deberán ser acreditadas por este ante a Administración educativa competente.

As responsabilidades que puidesen derivarse do incumprimento das obrigas de altas, baixas e liquidación de cotizacións, serán por conta do titular do centro.

3. Nas nóminas relacionaranse os profesores correspondentes ás unidades concertadas sen que, en ningún caso, o custo de cada unidade, excluída a antigüidade, poida exceder dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados.

4. Todas as actividades do profesorado do centro concertado, tanto lectivas coma non lectivas, retribuídas pola Administración prestaranse no nivel de ensino obxecto deste concerto.

5. As cantidades aboadas pola Administración, en concepto de outros gastos, xustificaranse, ao final de cada ano natural, mediante a presentación polo titular da certificación do acordo do consello escolar aprobatorio das contas.

Décimo primeira.-Serán causas de extinción deste concerto as sinaladas no título VI do regulamento.

Décimo segunda.-As incidencias ou cuestións litixiosas que xurdan durante o tempo de aplicación deste concerto serán resoltas polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria ou órgano en que delegue.

E para que así conste, na data e lugar antes indicados, asinan este por triplicado.

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Celso Currás Fernández, conselleiro.

Polo centro privado: (asdo.)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 25 de maio de 2004 pola que se convocan os premios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural 2004.

O sector agroalimentario galego estase a configurar como un eixe vertebrador fundamental da sociedade e o territorio galego. Á súa importancia económica hai que engadirlle o feito de ser un sector que crea, nas zonas menos favorecidas, empregos e mantén un medio rural vivo.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural fomenta, potencia e divulga aquelas accións relacionadas co sector agroalimentario que pola súa relevancia merecen ser coñecidas pola sociedade. Neste sentido, desde o ano 2002 estanse a convocar os premios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para recoñecer e valorar as entidades e os profesionais que traballan a prol deste sector, co obxecto de contribuír á divulgación e ao impulso do sector

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria.

Convocar os premios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural «Premios Agrarios 2004» e aprobar as súas bases que se publican como anexo I a esta orde.

Artigo 2º.-Financiamento.

Os gastos que deriven serán sufragados con cargo á partida 09.04.615A.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2004.

O importe global máximo para o ano 2004 é de 50.000 euros.

Artigo 3º

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º

Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que se poida interpoñer recurso potestativo de repo-

sición ante este órgano, no prazo dun mes contado a partir do seguinte á súa publicación, cos efectos previstos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º

Para os efectos establecidos nos artigos 42.2º e 43.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes será de 6 meses, contados desde a publicación desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

Juan Miguel Díz Guedes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Bases que rexen a convocatoria dos premios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural 2004

Primeira.-Finalidade.

Os premios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pretenden recoñecer e valorar iniciativas no eido da investigación, da información e divulgación agraria, actividades desenvolvidas polas mulleres e os mozos no mundo agrario, o esforzo do mundo asociativo e a procura da excelencia na calidade agroalimentaria.

Así mesmo, preténdese recoñecer a traxectoria profesional de persoas ou entidades na súa dedicación ao mundo agrario.

Segunda.-Modalidades.

Establécense as modalidades que se describen a seguir:

1. Labor informativo e/ou divulgador. Valorarase o traballo realizado neste sentido sobre temas agrarios e alimentarios de Galicia difundido nos medios de comunicación escrita, radio, televisións e internet.

2. Traballo de investigación. Valoraranse os traballos de investigación ou experimentación sobre temas agrarios ou alimentarios de interese para Galicia.

3. Muller rural emprendedora. Este premio está dirixido a todas as mulleres que realicen actividades relacionadas co desenvolvemento rural en Galicia.

4. Iniciativa de agricultor novo. A convocatoria deste premio vai dirixida ás persoas físicas menores de 40 anos, residentes en Galicia e que haxa máis de 3 anos que se incorporaron á actividade agraria levando a cabo iniciativas de modernización na nosa agricultura.

5. Entidade asociativa agraria. Este premio vai dirixido ás entidades agrarias de base asociativa que actúen no territorio da Comunidade Galega. Nesta modalidade o xurado valorará especialmente as iniciativas postas en marcha xunto coa traxectoria da entidade.

6. Calidade alimentaria. A convocatoria deste premio diríxese cara ás empresas agroalimentarias galegas que polo seu esforzo acadasen, no seu conxunto, uns altos niveis de calidade tanto nos temas de innovación, produto, sanitario, ambiental e outros.